



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

Expt.: 4/10-C

A Alcaldía ditou Resolución en data 2.08.2010 que na súa parte dispositiva é como segue:

*"Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar provisionalmente este contrato.*

***Segundo.-** Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra "REHABILITACIÓN DE PABELLÓN POLIDEPORTIVO" á empresa ANTALSIS, S.L., co CIF n.º B15867435, e domicilio na rúa Gambrinus n.º 7, 2º andar, Polígono Industrial A Grela, en A Coruña (CP 15008), polo importe de 328.846,62 € máis o IVE (18%) por importe de 59.192,39 €, que fan un importe total de 388.039,01 €, e coas seguintes condicións:*

- *N.º de traballadores desempregados a contratar: 10*
- *N.º de traballadores desempregados de longa duración a contratar: 7*
- *Prazo de execución: 3 meses*
- *Incrementa o prazo de garantía en 60 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no proxecto, co que o prazo total de garantía é de 72 meses.*
- *Incrementa a aportación ao control de calidade externo na porcentaxe do 1,75 pasando do 1,25% fixado no proxecto, ao 3%.*
- *Melloras: as descritas na súa oferta por importe de 77.353,96 € (IVE incluído).*

*Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28.04.2010 e a oferta achegada pola empresa.*

***Terceiro.-** Notificar esta resolución ao adxudicatario que deberá, no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste acordo no perfil do contratante, cumprir cos seguintes trámites:*

- *Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia, Seguridade Social e Concello de Cangas.*
- *Xustificante de ter aboado os gastos de publicación do anuncio de licitación que ascenden a 844,38 € e que poderá facer efectivo no n.º de conta que se indica: 2080 0022 01 0040008938.*
- *Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.*

PERFIL DO CONTRATANTE

**Cuarto.-** *Notificar este acordo a tódolos licitadores que non resultaron adxudicatarios.*

**Quinto.-** *Dar publicidade a adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante".*

O que se fai público aos efectos oportunos.